

Decreto.

O Concello de Brión convocou no seu día (BOE núm. 55, do 06.03.2023), polo sistema de concurso: **unha (1) praza de encargado de sección ( obras e mantemento de infraestruturas públicas)**, incluída na oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal (BOP núm. 94, do 19.05.2022), ao amparo da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, consonte coas bases xerais e específicas da convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 232, do 09.12.2022.

Rematado o procedemento selectivo de concurso o día 12.07.2023, o tribunal acordou:

**1º) Publicar a puntuación definitiva do concurso:**

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome	Méritos profesionais	Formación profesional	Total
NOYA	LORASQUE	CARLOS FRANCISCO	70,00	30,00	100,00
RODRÍGUEZ	GARCÍA	GONZALO	9,20	30,00	39,20

**2º) Propoñer á persoa aspirante que se relaciona para ou seu nomeamento pola Alcaldía como persoa contratada laboral fixa, praza de encargado de sección (obras e mantemento de infraestruturas públicas), grupo V, atendendo á orde de puntuación final obtido e aos criterios de desempate establecidos na base 11.4. das bases xerais: CARLOS FRANCISCO NOYA LORASQUE.**

**3º) Como a persoa proposta ten acreditada a titulación en lingua galega esixida na convocatoria se declara a exención de realización da proba oral prevista nas bases.**

**4º) Proceder a súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, informando ao aspirante proposto que disporá dun prazo de 20 días hábiles, contado desde a publicación, para presentar no Rexistro do Concello a documentación sinalada na base 13.2. das bases xerais.**

**5º) Contra este acordo poderán presentar recurso de alzada perante o Alcalde do Concello, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación de conformidade do disposto nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.**

Resultando que a acta da sesión foi publicada na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello con data 17.07.2023 e que o interesado presentou con data 11/08/2023 a documentación sinalada.

Considerando que é competencia desta alcaldía esta contratación, segundo o establecido no art. 21.1.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **resolvo:**

**1º) Contratar como persoal laboral fixo deste Concello a CARLOS FRANCISCO NOYA LORASQUE, DNI: \*\*\*9153\*\*, para a praza de: encargado de sección (obras e mantemento de infraestruturas públicas), grupo V.**

**2º)** Ordenar a publicación da contratación no BOP, na web municipal [www.concellodebrion.gal](http://www.concellodebrion.gal) e no taboleiro de edictos do Concello.

**3º)** A persoa contratada deberá formalizar o preceptivo contrato de traballo no prazo máximo dun mes a partir da publicación da contratación no BOP.

**4º)** Que se notifique ao interesado esta resolución.